



ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 23/02/2023

(Aprobada na Comisión Permanente do 18/05/2023)

Da comezo a sesión ordinaria da Comisión Permanente, ás 12:10 horas (primeira convocatoria), na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da Decana
- 3.- Aprobación se procede, das solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural.
- 4.- Aprobación, se procede, da/s solicitude/s de matrícula parcial.
- 5.- Rogos e preguntas

ASISTENTES:

NOME	APELIDOS
OLGA	ALONSO VILLAR
LUCY	AMIGO DOBAÑO
GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID
MARGARITA	CAMPO VILA
JUAN MATEO	NÚÑEZ MARQUISIO
M. DOLORES	GARZA GIL
JACOBO	GONZÁLEZ QUIROGA
MAR	GONZÁLEZ SAVIGNAT
CARLOS	DE MIGUEL PALACIOS
CARMEN	OTERO NEIRA
ANA	DE PRADO VÁZQUEZ
MAR	RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
MARÍA DEL CARMEN	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
JACOB	SÁNCHEZ TRONCOSO
CARMEN	VÁZQUEZ PAMPÍN
MARÍA XOSÉ	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ
JORGE	VILA BIGLIERI

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

ENRIQUE J.	BUCH GÓMEZ
FRANCISCO	MENÉNDEZ VALDÉS

No primeiro punto da orde do día, solicítase aos membros da Comisión a aprobación da actas correspondente á sesión do 05/10/2022

As proposta apróbase por asentimento.

No segundo punto, *informe da Decana*, ésta informa dos seguintes asuntos:

- 1.- Da celebración o día 16 de marzo, na facultade, do Foro de Emprego que se leva a cabo en colaboración coa Vicerreitoría de estudantes e a Olimpíada galega de Economía.
- 2.- Das conversas e reunións mantidas co Reitor e co presidente da Fundación Mentor sobre a colaboración coa Universidade.
- 3.- Da chegada da PDA a vindeira semana. Como novidade, os másteres deberán adscribir as materias de formación básica aos Departamentos.
- 4.- Da celebración do día da Muller, o 8 de marzo, que contará coa colaboración dos representantes de alumnado e coa actuación musical dun dúo lírico.

No terceiro punto, “Aprobación, se procede, das solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural” a Decana explica que saiu unha convocatoria de axudas dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria para a realización de actividades extraacadémicas. A petición destas axudas pasa pola aprobación por parte do órgano colexiado correspondente da facultade, polo que temos intención de solicitálas principalmente para asumir os gastos de actuacións musicais que poidan ter lugar tanto no día da muller como nos actos de graduación.

No cuarto punto, “aprobación, se procede, das solicitudes de matrícula parcial”, a Decana solicita a aprobación da solicitude presentada polo alumno Manuel Fernández Baltar, para poder compatibilizar os seus estudos co deporte profesional. Xustifica a súa petición co recoñecemento como “deportista galego de alto nivel”.

A petición apróbase por asentimento.

No quinto punto, rogos e preguntas:

Non hai rogos nin preguntas, co cal, levántase a sesión cando son ás 12:20 horas.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria